

DECRETO 222/2021

DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OOUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Vista a convocatoria de folga xeral na Mariña o día dezasete de novembro. Vista a importancia da reivindicación que se plantexa en toda a Mariña, un futuro industrial para a comarca, ante o desmantelamento industrial que se ven sufrindo nos últimos anos, e máis recentemente co anuncio de peche da fábrica de Alcoa e recentemente da planta de Vestas en Viveiro.

O concello de Oourol súmase á Folga Xeral na Mariña convocada para o vindeiro dezasete de novembro, co obxectivo de reclamar un futuro industrial para a comarca,

Como mostra de apoio a esta folga, ACORDO:

1º.- O peche dos servizos municipais, Oficinas da Casa do concello, Biblioteca Municipal, Centro de Fisioterapia, Centros Sociais, Pavillón deportivo e a cancelación, durante esa xornada, das actividades para maiores.

2º.- Establécese o mantemento dos seguintes servizos municipais como servizos mínimos:

- .- Rexistro municipal en horario de 09:00 horas a 14:00 horas.
- .- Protección civil.
- .- Servizos Sociais,(para atencións de urxencia de SAF ao teléfono: 677489457).
- .- Servizo de axuda no fogar (desenvolverase con normalidade)
- .- Servizo de augas e recollida de lixo.

3º.- Dar traslado deste acordo para a súa difusión.

O que mando e asino, ante mín a Secretaria, en Oourol, na data da sinatura á marxe.

O alcalde-presidente

